



## FEDERACION GALEGA DE PATINAXE

Plaza de Agustín Díaz, 3 (Complejo Deportivo Elviña)  
15008 - La Coruña  
Teléfonos - 981-130.994 – 981-134.183  
www.fgpatinaxe.com – Email: secretaria@fgpatinaxe.gal



XUNTA  
DE GALICIA



DEPORTE  
GALEGO



Xacobeo 21-22

### CIRCULAR Nº 2

### Temporada 21-22

### Comité Hockei a Patíns

**Destino:** Clubs.

**Asunto:** Inscripción de xogadores/as dos equipos das categorías Alevín, Infantil, Juvenil, Junior e Senior.

Con motivo do inicio das competicións e en base ao artigo 6 da normativa de competición (a cal se adxunta, e está publicada na web), ábrese prazo para que inscriban aos planteis de xogadores/as de cada equipo que teñan inscritos nas distintas competicións.

O prazo para inscribir xogadores/as terminará o próximo día 7 de outubro ás 23:59 horas.

O día 8 de outubro, ao longo da tarde, publicaranse os calendarios de todas as competicións activas.

A continuación, achégase un resumo de datas de inicio e formato de competición en cada unha das categorías, información que todos os interesados poden ampliar no apartado correspondente da web <http://www.fgpatinaxe.gal/>



## FEDERACION GALEGA DE PATINAXE

Plaza de Agustín Díaz, 3 (Complejo Deportivo Elviña)  
15008 - La Coruña  
Teléfonos - 981-130.994 – 981-134.183  
www.fgpatinaxe.com – Email: secretaria@fgpatinaxe.gal



XUNTA  
DE GALICIA



Xacobeo 21-22

### **A. SENIOR MASCULINA:** Data de inicio: 16 de outubro de 2021

1. Conformeranse, atendendo a un criterio xeográfico, dous grupos de 6 equipos cada un, grupo Norte e grupo Sur, que disputarán unha liga regular a dobre volta. Os tres primeiros de cada grupo clasificaranse para xogar a Sénior Ouro, e os restantes equipos disputarán a Sénior Prata.

2. A liga Sénior Ouro disputarase en formato de liga a dobre volta, accedendo os catro primeiros clasificados a unha F4, na que o 1º clasificado da liga regular xogará contra o 4º e o 2º contra o 3º, de maneira que os vencedores destes emparellamentos disputarán a final polo título de campión galego, e os perdedores disputarán un partido polo 3º e 4º posto. A clasificación obtida será a que determine as opcións dos equipos de disputar a Ok Liga Bronce, segundo o estipulado pola RFEP.

3. A liga Sénior Prata disputarase en formato de liga regular a dobre volta, sen F4.

### **B. SENIOR FEMININA:** Data de inicio: 16 de outubro de 2021

Disputarase en formato de liga regular a dous dobres voltas, accedendo os catro primeiros clasificados a unha F4, na que o 1º clasificado da liga regular xogará contra o 4º e o 2º contra o 3º, de maneira que os vencedores destes emparellamentos disputarán a final polo título de campión galego, e os perdedores disputarán un partido polo 3º e 4º posto. A clasificación obtida será a que determine as opcións dos equipos para disputar a Ok Liga Prata, segundo o estipulado pola RFEP.

### **C. JUNIOR:** Data de inicio: 16 de outubro de 2021

Disputarase en formato de liga regular a dobre volta, accedendo os catro primeiros clasificados a unha F4, na que o 1º clasificado da liga regular xogará contra o 4º e o 2º contra o 3º, de maneira que os vencedores destes emparellamentos disputarán a final polo título de campión galego, e os perdedores disputarán un partido polo 3º e 4º posto. Os catro equipos participantes na F4 obterán praza para xogar a Fase Sector clasificatoria para os Campionatos de España

### **D. XUVENIL:** Data de inicio: 16 de outubro de 2021

1. Conformeranse en tres grupos, atendendo a un criterio xeográfico e á clasificación destes equipos dúas tempadas atrás, dous grupos Norte e un grupo Sur, que disputarán unha liga regular a dobre volta. Os dous primeiros clasificados de cada grupo accederán ao Xuvenil Ouro.



## FEDERACION GALEGA DE PATINAXE

Plaza de Agustín Díaz, 3 (Complejo Deportivo Elviña)  
15008 - La Coruña  
Teléfonos - 981-130.994 – 981-134.183  
www.fgpatinaxe.com – Email: secretaria@fgpatinaxe.gal



XUNTA  
DE GALICIA



DEPORTE  
GALEGO



Xacobeo 21-22

2. A liga Xuvenil Ouro disputarase en formato de liga regular a dobre volta, accedendo os catro primeiros clasificados a unha F4, na que o 1º clasificado da liga regular xogará contra o 4º e o 2º contra o 3º, de maneira que os vencedores destes emparellamentos disputarán a final polo título de campión galego, e os perdedores disputarán un partido polo 3º e 4º posto. Os catro equipos participantes na F4 obterán praza para xogar a Fase Sector clasificatoria para os Campionatos de España.

3. A liga Xuvenil Prata conformarana os equipos clasificados en 3ª, 4ª e 5ª posición dos grupos da primeira Fase e disputarase en formato de liga regular a dobre volta. Non hai F4.

### **E. INFANTIL:** Data de inicio: 23 de outubro de 2021

1. Conformaranse 6 grupos, atendendo a un criterio xeográfico e á clasificación destes equipos dúas tempadas atrás, 4 do norte e dous do sur, que disputarán unha primeira fase de liga regular a dobre volta, clasificándose os dous primeiros de cada grupo á liga Infantil Ouro.

2. A liga Infantil Ouro estará conformada por dous Grupos, Ouro G1 e Ouro G2 (por sorteo) e disputarase en sistema de liga regular a dobre volta, accedendo os dous primeiros clasificados de cada grupo a unha F4, na que o 1º clasificado do G1 xogará contra o 2º clasificado do G2 e o 2º do G1 xogará contra o 1º clasificado do G2, de maneira que os vencedores destes emparellamentos disputarán a final polo título de campión galego, e os perdedores disputarán un partido polo 3º e 4º posto. Os clasificados para a F4 obterán praza para xogar a Fase Sector clasificatoria para o Campionato de España da categoría.

3. A liga Infantil Prata estará conformada por dous grupos, Prata G1 e Prata G2. O G1 estará formado polos equipos clasificados en 3ª posición na fase de grupos, e o G2 estará formado polos equipos clasificados en 4ª posición na fase de grupos. Ambos os grupos disputarán unha liga regular a dobre volta. Non hai F4.



## FEDERACION GALEGA DE PATINAXE

Plaza de Agustín Díaz, 3 (Complejo Deportivo Elviña)  
15008 - La Coruña  
Teléfonos - 981-130.994 – 981-134.183  
www.fgpatinaxe.com – Email: secretaria@fgpatinaxe.gal



XUNTA  
DE GALICIA



DEPORTE  
GALEGO



Xacobeo 21-22

### F. ALEVÍN: Data de inicio: 16 de outubro de 2021

1. Conformaranse seis grupos, atendendo a un criterio xeográfico e á clasificación destes equipos dúas tempadas atrás, dous do Sur e 4 do Norte. Esta fase será Liga regular a dobre volta. Os dous primeiros de cada grupo clasifícanse para xogar a Alevín Oro.

2. Liga Alevín Oro, faranse dous Grupos, OURO G1 e Ouro G2 (por sorteo) con formato de liga a dobre volta e F4 (1º OURO G1 vs 2º OURO G2 e 1º OURO G2 vs 2º OURO G1), os perdedores xogarán polo terceiro e cuarto posto e os gañadores xogarán a final polo título de campión galego, os clasificados para a F4 obterán praza para xogar a Fase Sector clasificatoria para os Campionatos de España da categoría

3. Liga Alevín Prata, xogaran os clasificados do 3º ao 5º da fase de grupos. Faranse dous grupos (Prata G1 e Prata G2) distribuíndose os equipos por sorteo. Ambos os grupos xogasen unha liga regular a dobre volta. Non hai F4.

A Coruña, 01 de outubro de 2021

Comité Galego de Hockei a Patíns

Asdo. Julio Parga Lorenzo